

O PSOE solicita á Xunta a dotación doutro facultativo no centro de saúde de Pobra de Brollón para garantir a atención á cidadanía

Docasar, a petición dos edís socialistas Javier González e Dora Fernández, vén de rexistrar no Parlamento varias iniciativas para pedir ao Goberno de Feijóo que garanta a calidade asistencial, pois a falta de profesionais está a provocar serias dificultades para atender as necesidades sanitarias dos case 2.000 habitantes que ten este concello

O deputado autonómico explica que “os graves recortes que o PP aplicou ao sistema sanitario público dende que chegou ao Goberno da Xunta os están a sufrir os cidadáns e, no caso de Pobra do Brollón, onde antes había tres especialistas, agora é un único facultativo o que atende á poboación”

O que está a pasar neste municipio é consecuencia “da política redutora da Xunta”, plasmada tamén no anuncio de reducir médicos nos concellos de menos de 2.000 habitantes. Precisamente, neste recorte, a Zona Sur veríase afectada, prexudicando a tres municipios e 4.632 cidadáns. De feito, Pobra de Brollón inclúese entre as localidades da provincia nas que se eliminarían facultativos

POBRA DE BROLLÓN, 2 DE ABRIL DE 2015.- O deputado autonómico –Vicente Docasar- anuncia que, a petición dos edís socialistas deste municipio Javier González e Dora Fernández, vén de rexistrar no Parlamento galego varias iniciativas para pedir ao Goberno de Feijóo que garanta a calidade asistencial do servizo do centro de saúde, pois a falta de profesionais está a provocar serias dificultades para atender as necesidades sanitarias dos case 2.000 habitantes que ten o concello.

Tendo en conta estas carencias, o deputado explica que “os graves recortes que o PP aplicou ao sistema sanitario público dende que chegou ao Goberno da Xunta os están a sufrir os cidadáns e, no caso de Pobra, onde antes había tres profesionais de medicina, agora so quedan dous, e o máis grave é que un destes está de baixa dende hai bastante tempo e o SERGAS non está a cubrir esta vacante, polo que a poboación está atendida unicamente por un facultativo”. “De novo, e por desgraza para os cidadáns de Pobra de Brollón, a consellería de Sanidade está castigando ao rural no coidado da súa saúde no nivel máis básico e imprescindible como é a Atención Primaria”, subliña.

Peticións claras e concretas

Concretamente, os socialistas instarán ao Executivo a cubrir o posto do profesional que se atopa de baixa, de xeito que se garanta a atención sanitaria dos habitantes do concello que acoden a este punto sanitario. Asemade, “pediremos á Xunta unha explicación das listas de espera de máis dunha semana para recibir atención no médico de cabeceira e como pensan que é posible que cun único especialista se poidan atender as urxencias vitais e os desprazamentos ao hospital de referencia no caso de ser necesario”. Neste senso, o deputado socialista pregúntase “quen sería o responsable en caso de que estas circunstancias provocaran unha falta de atención ou atención insuficiente?”.

Por este motivo, o PSOE pedirá á consellería de Sanidade que o centro retome o servizo normal, de modo que os dereitos dos veciños e veciñas de Pobra de Brollón non se vexan recortados de

ningún xeito, xa que, do contrario, “estariamos ante o que sería un novo plan para acabar coa atención sanitaria a nivel local e provincial”.

Consecuencias dos recortes do PP

E é que, mentres para o Goberno de Feijóo a contratación por un día a semana dun profesional para cubrir esta vacante parece ser suficiente, para os socialistas a falla de facultativos neste centros de saúde, non é máis que outra consecuencia dos continuos recortes do Partido Popular.

A este respecto, destaca Docasar, “a falla de profesionais sanitarios e unha mostra máis do empeoramento da calidade asistencial no sistema sanitario provincial provocado polas políticas do PP”. Tendo en conta as necesidades do municipio no que o 60% da poboación é maior de 65 anos, para os socialistas é imposible que cun único profesional se poida realizar correctamente os programas de saúde de atención primaria e a atención aos doentes crónicos. Por iso, segundo explica o deputado, coa contratación dun facultativo un día á semana non se poden cubrir as necesidades dos usuarios e usuarias do centro e non se axusta aos dereitos dos traballadores e traballadoras.

Menos facultativos

En definitiva, o que está a pasar en Pobra de Brollón é consecuencia “da política redutora da Xunta”, plasmada tamén no anuncio de reducir médicos nos concellos de menos de 2.000 habitantes. Trátase esta dunha medida que, de levarse a cabo, afectaría a un total de 24 municipios, é dicir, a 32.765 habitantes.

Precisamente, neste recorte, a Zona Sur veríase afectada, prexudicando a tres municipios e 4.632 cidadáns. De feito, Pobra de Brollón inclúese entre as localidades nas que se eliminarían profesionais na provincia de Lugo. Nesta listaxe tamén se atopan: Baleira, Bóveda, Cervantes, Folgoso do Courel, O Incio, Meira, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Oourol, O Páramo, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Portomarín, Rábade, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Trabada, Triacastela e O Vicedo.